

**“CIRCULAR RELATIVA O BUS UNIVERSITARIO 2008/2009.  
CAMPUS DE A CORUÑA, PONTEVEDRA E VIGO.**

O concello de Boiro, a través da Concellería de Educación comunica que a partir do **24 de Setembro ata o 23 de Novembro** abrirase o prazo para solicitar a subvención de transporte universitario para aqueles rapaces que se desprazan a **A Coruña, Pontevedra e Vigo** por motivos de estudo. As axudas soamente se prestan na modalidade de Fin de semana:

**SERVIZO FIN DE SEMANA:**

Para poder acceder a esta Subvención, os/as alumnos/as deberán presentar no rexistro Xeral do Concello unha solicitude acompañada do **volante de empadronamento** no que constará unha antigüidade de alomenos os dous últimos anos e da copia autenticada da **matrícula** (ou carné de estudante no caso de non tela), especificando a **cidade na que cursarán os estudos**.

Os bonos deberán mercarse, nos **primeiros cinco días de cada mes**, nas Oficinas de Servizos Económicos do Concello de Boiro.

**HORARIOS DOS AUTOBUSES:** Serán os establecidos pola empresa que presta o servizo:

Santiago-A Coruña: Serán os das líneas regulares establecidos pola empresa, lugares de saída e chegada na estación de Santiago e A Coruña. O prezo do billete para os usuarios é de **3.45** Euros.

Boiro-Pontevedra e Vigo: O autobús sairá de Ribeira os Domingos, vísperas de festivos ou pontes ás 19:30 pasando por Boiro ás 19:45. O prezo do billete para os usuarios é de **2.92** Euros para Pontevedra e de **4.15** Euros para Vigo.

Pontevedra-Boiro: O autobús sairá da estación os venres, vísperas de festivos ou pontes ás 20:00.

Vigo-Boiro: O autobús sairá da Rúa Areal os venres, vísperas de festivos ou pontes ás 19:30.

**NOTA:**

Os/As alumnos/as que non poidan presentar a copia da matrícula por non tela cursada, deberán axustarse os prazos sinalados presentando con posterioridade dita copia no Centro Social de Boiro. Non serán recollidas as solicitudes entregadas fora do prazo, sendo éste improrrogable.

Non se concederán subvencións para aquelas persoas que cursen estudos en **centros privados** nin que realicen especialidades que se poidan estudar nos Institutos do Concello.

Boiro, 26 de Setembro de 2008